



Expertos en IA e Transformación Dixital de R participan en Madrid no foro organizado por *Big Data Magazine*, especializada en eventos sobre o dato e IA

R leva a súa experiencia e coñecemento en Intelixencia Artificial ao sector seguros no congreso *Data4Insurance*

- *Adrián Bertol e Alberto Díaz Freire, expertos do operador galego en Intelixencia Artificial e Transformación Dixital respectivamente, participarán no evento para falar das solucións de IA que van mellorar a eficiencia e rendibilidade dos negocios do sector seguros.*
- *A idea é avanzar nos beneficios da Intelixencia Artificial para as empresas aseguradoras, onde adquire gran relevancia a aprendizaxe automatizada porque o eixo do negocio son os riscos e as garantías.*
- *Explicarase, por exemplo, como a IA pode axudalos a anticipar a fraude ou a predicir provisións, a sinistralidade por póliza e a indemnización final, entre outras moitas aplicacións á medida do sector asegurador.*
- *O foro celebrárase mañá en Madrid e reunirá profesionais das principais compañías aseguradoras de España que queren saber máis sobre as solucións de IA para mellorar os seus negocios.*

Mércores, 15 de marzo de 2023.- O congreso *Data4Insurance*, que organiza *Big Data Magazine* -publicación especializada en temas de IA e datos- desenvolverase mañá xoves a partir das 15:30 h no madrileño auditorio “La Matriz”. Alí, expertos de R xunto a especialistas do máis alto nivel de toda España ofrecerán o seu coñecemento, visión estratéxica e experiencia relativas ás aplicacións da Intelixencia Artificial no sector dos seguros.

Adrián Bertol, responsable de vendas de IA e Analítica de R, incidirá no momento clave que afrontan hoxe en día as empresas de seguros: “*Dispoñen de datos con moito valor e aínda non é tarde para que comecen a usalos -explica-, mais corren o risco de non ser tan competitivas se non implantan unha estratexia de uso do dato xa. As principais aseguradoras xa o fixeron*”.

Alberto Díaz Freire, responsable de Alianzas e Transformación Dixital de empresas de **R** participará na mesa redonda sobre a “Automatización do uso de modelos de *Machine Learning* no sector seguros”, xunto a expertos das aseguradoras Santalucía e Verti.

Díaz Freire falará das vantaxes do AutoML (“auto *machine learning*”), que lles permite ás pemes desenvolver para elas un sistema propio de IA preciso, seguro e rendible, porque con el se evita o investimento en infraestruturas e en persoal especializado que ata hai pouco era imprescindible nestes negocios de menor tamaño. “*A intelixencia artificial xa é unha ferramenta clave no sector asegurador para xerar pancas impulsoras dun negocio máis competitivo e diferencial no mercado*”, comenta o experto en Transformación Dixital de **R**, que defende tamén a “*necesidade de implantar modelos de IA aplicables a toda a cadea de valor da empresa e realizar deles un seguimento exhaustivo e transversal en todas as áreas: comercialización, márketing, operacións, posvenda...etc.*”

“as empresas deben implantar unha estratexia do uso do dato XA ou perderán competitividade”

“co AutoML, as pemes poden desenvolver o seu propio sistema de IA e aforrar moito en investimentos e gastos”

Intelixencia Artificial: investimento ‘asegurado para os seguros’

En *Data4insurance* falarase, en suma, de funcionalidades e aplicacións da IA que lles permitirán ás compañías resolver algunhas das súas preocupacións principais como negocios onde todo pivota arredor dos riscos e as garantías; de aí a transcendencia da aprendizaxe automatizada no sector seguros.

Como se explicará no foro, a IA axudaraos, entre outras cousas, a:

- _ **predicir provisiones** segundo o custo dos sinistros e en función de cada tipo de póliza
- _ **anticipar a fraude** en reclamacións para automatizar os pagos desas demandas
- _ **lograr dinámicas de renovación de contratos** por probabilidade de sinistros futuros
- _ **fixar primas personalizadas** segundo precisión do risco e intención de compra individuais
- _ **predicir a sinistralidade da póliza** a partir do histórico e o perfil do/da cliente/a
- _ **predicir o pagamento ou indemnización** final tras o primeiro aviso de sinistro
- _ **aumentar proactivamente a retención** anticipando que pólizas se van anular en breve
- _ **identificar produtos para ‘venta cruzada’** e impulsar campañas de mellores ofertas

Para potenciar a formación do sector seguros en IA

As empresas de seguros levan moito tempo manexando datos, traballando con eles en busca de negocios cada vez máis eficientes. Desá experiencia previa e conscientes das necesidades do sector, especialistas das aseguradoras máis importantes de España exporán no congreso *Data4Insurance* as inquietudes, obxectivos e novidades que lles incumben directamente e poden reportarlles, como mínimo, a optimización dos seus negocios a medio prazo.

O auditorio deste evento presencial e divulgativo serán, por tanto, profesionais do dato e a intelixencia Artificial do sector seguros. Haberá catro mesas redondas que abordarán os temas da **automatización do uso de *Machine Learning***, ata que punto poden revolucionar este sector asegurador a **Intelixencia Artificial e os datos**; cales son as **claves do tratamento dos datos** (goberno e cultura) nas compañías aseguradoras e, finalmente, como articular **ética e transparencia** nas decisións do algoritmo en seguros.

MASMOVIL, grupo no que se integra **R**, patrocina o congreso *Data4Insurance*, onde participarán compañías do sector asegurador de primeiro nivel como Santalucía, Verti, Mapfre, Aegon ou Nationale-Netherlanden, entre outras.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal